



Ferrol será sede no mes de xuño do Campionato de España de Liga de Clubs de Triatlón, no que participarán 536 triatletas de 58 clubs nacionais

- ***O concelleiro Manuel Santiago presentou esta tarde, xunto con Javier Gómez Noya, unha das competicións máis importantes do calendario do triatlón español***
- ***A proba disputarase en distancia Sprint: 750 metros de natación, 20 kilómetros de bicicleta e 5 km de carreira a pé***

Ferrol, 19 de febreiro de 2010.-

O concelleiro de Deportes, Manuel Santiago, presentou esta tarde, xunto co campión de España de Triatlón, Javier Gómez Noya, o Campionato de España de Liga de Clubs de Triatlón, que se celebrará en Ferrol no vindeiro mes de xuño. Este, tal e como avanzou o responsable das políticas deportivas municipais, é unha das competicións máis importantes do calendario do triatlón español e nela só participan os mellores triatletas do panorama nacional. Entre eles, o propio Javier Gómez Noya. No acto desta tarde de presentación tamén estiveron presentes Paco Villanueva, presidente da Federación Galega de Triatlón, e Cali Formoso, máximo responsable do Triatlón Ferrol.

Se ben aínda está por determinar os escenarios nos que se desenvolverá a dita competición, o edil Manuel Santiago avanzou que disputará en distancia Sprint, isto é, 750 metros de natación, 20 kilómetros de bicicleta e 5 kilómetros de carreira a pé. Haberá dúas

categorías -1ª e 2ª división- e unha de Promoción, e se celebrará en dúas xornadas nas que se darán cita un total de 536 triatletas de 58 clubs, moitos destes, con estranxeiros de moito nivel nas súas ringleiras.

A competición terá lugar en dúas xornadas. Na primeira delas disputarase a Liga de Promoción e a Liga de 2ª División, polo que haberá dúas carreiras (dúas masculinas e outras tantas femininas). As dúas primeiras serán de clubs que aspiran a subir a 2ª división -ascenderán os dous primeiros clubs masculino e feminino-. Posteriormente competirán os clubs de 2ª división, un total de 10, se ben neste caso ao organizar o campionato o Triatlón Ferrol a cifra final será de 11. Finalmente, na segunda das xornadas estará adicada á 1ª división con dúas carreiras (masculina e feminina), e en cada unha delas participarán 10 clubs con 10 competidores en cada un deles.

Ferrol tomará pois o relevo de Pulpi, en Almería, que o pasado ano acolleu a celebración deste Campionato de España de Liga de Clubs de Triatlón. Nesta ocasión, os participantes, tal e como adiantou o edil e presidente do Patronato Municipal de Deportes, Manuel Santiago, serán os seguintes:

Liga de Promoción: 18 clubs participantes e 185 triatletas.

2ª División Feminina: 11 clubs e 74 triatletas.

2ª División Masculina: 9 clubs e 85 triatletas.

1ª División Feminina: 10 clubs e 92 triatletas.

1ª División Masculina: 10 clubs e 100 triatletas.

Santiago destacou a importancia deste campionato que para moitos está considerado aínda máis relevante que o Campionato de España e subliñou que nela os clubs se xogan moito polos descensos e ascensos. Ademais, é a única proba onde hai eliminados se se entra tarde respecto ao primeiro club.

Saúdos; Gabinete de Comunicación



Concello de Ferrol

AL CAL DÍA
Gabinete de Comunicación

Gabinete de Comunicación do Concello de Ferrol

Praza de Armas s/n – 15402 Ferrol – (A Coruña)

Teléfono 981 94 40 13 – Fax 981 94 40 19

gabineteprensa@ferrol.es